



**VALENÇA : PORTUGAL**  
**[27 - 29 xullo]**

**Festival Galego e Portugués de Música**  
**Tres días de música, actividades e unha acción solidaria**

A 4ª edición do Verdoejo Art Rock será entre os días 27, 28 e 29 de xullo, no Parque de Merendas de Verdoejo, en Valença.

**VERDOEJO ART ROCK** – Festival de Música Galega e Portuguesa, coa participación de 7 bandas galegas:

- Eladio y los Seres Queridos
- Breakin'Bones
- The Lelli Kelly`s
- Os Putos
- Antifrágil
- Maldito Murphy
- Moito!

**LAND ART VALENÇA** - O festival comeza na terza feira 25 de xullo coa apertura da **exposición de Land Art**, realizada en parcería coa Bienal de Vila Nova de Cerveira, coa presenza de 8 artistas plásticos galegos:

- |                        |          |
|------------------------|----------|
| -Alfonso Vicente Rey   | Pintor   |
| -Camilo Camaño Xestido | Pintor   |
| -Juan Coruxo           | Pintor   |
| -Nacho Martinez        | Pintor   |
| -Mónica Taboada        | Pintora  |
| -Rafa "O becho"        | Escultor |
| -Remigio Davila        | Escultor |
| -Rosendo Gonzales      | Escultor |

no sábado 28 de xullo, haberá varias actividades para os/as visitantes e todas as persoas que se queiran achegar ao Verdoejo Art Rock. Para comezar, a partir das 10h00 terá lugar unha **camiñada arqueolóxica** pola aldea de Verdoejo para coñecer os seus petróglifos.

A partir das 21h00 máis **concertos** e esta vez coa actuación da mítica banda portuguesa de punk rock "Peste & Sida". Temos que lembrar que esta banda formou nos anos 90 un proxecto paralelo de nome "Despe e Siga" que gravou un videoclip (astro da bola) para o Xabarán Club da Televisión de Galicia.



**VALENÇA : PORTUGAL**  
**[27 - 29 xullo]**

No domingo, último día da festa, comezamos cunha **mega-clase de Zumba** no escenario do festival. Ás 14h00, ninguén pode faltar ao xa tradicional **XI Descenso do Río Miño en Boia** que xunta amigos/as e familias para unha tarde chea de animación. A partires das 18h00 comezan os últimos concertos desta 4ª edición, que serve de encontro para nos xuntar e convivir os/as veciños/as das dúas beiras do Río Miño/Minho.

Este ano, a organización, ademais de presentar unha oferta musical renovada e crear unha axenda de actividades atractiva para calquer visitante, aposta tamén pola **Solidariedade**.

Este ano mudamos a imaxe do cartel, **presentamos un novo logotipo verde**, en homenaxe ao bosque de Verdoejo. Será un evento espectacular de artistas e un escenario para grandes causas.

- 1. A organización revertirá 1€ de cada entrada vendida á repoboación forestal autóctona transfronteiriza, con intervención nos Baldios de Verdoejo (Valença) e nos Montes de San Xurxo, en Salceda de Caselas (Galiza).**
- 2. Ambicionamos e desexamos igualmente que ista sexa a primeira semente que de forma simbólica represente o lanzamento dun *movemento da Terra* coa plantación simultánea de 1 árbore por cada habitante do noso Planeta (7.500 millóns).**

**As Entradas xa están á venda** na billeteira online e nos puntos de venda que poden ser consultados na páxina oficial de Facebook do festival. O prezo das entradas varía entre os 8 euros (diario) e os 15 euros (abono 3 días). A entrada inclúe zona de acampada.

**Verdoejo Art Rock - Festival de Música e Land Art**

Páxina Facebook: [www.facebook.com/verdoejoartrockfestpt/](http://www.facebook.com/verdoejoartrockfestpt/)

Evento Facebook: [www.facebook.com/events/1957433114538722/](http://www.facebook.com/events/1957433114538722/)

**Festival Land Art Valença**

Facebook: [www.facebook.com/events/993392610825786/](http://www.facebook.com/events/993392610825786/)

**Venda online Espanha:**

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/festivales/parque-demerendas-de-verdoejo/8754--verdoejo-art-rock.html>

**ASSOCIAÇÃO FAZ DIFERENTE**

Lugar da Devesa, s/n 4930-804 Verdoejo (Valença)